



*Resolución do 22 de febreiro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son (591229)**.*

Por unha Resolución do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de formación profesional en diversas especialidades, entre outras a de **técnicas e procedementos de imaxe e son (591229)** .

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no **corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son (591229)**, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>).

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no **corpo de técnicos de formación profesional, especialidade de técnicas e procedementos de imaxe e son (591229)** .

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. Non se admitirán as alegacións formuladas por correo electrónico.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

